

Resolución reitoral de 27 de xuño de 2019, pola que se suspende o prazo máximo para resolver as solicitudes de avaliación de tramos de transferencia do coñecemento e innovación do profesorado da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física que conte co título de doutor/a, o profesorado contratado por tempo indefinido e o profesorado interino coa categoría de contratado doutor, correspondente ao ano 2018 (Resolución do 3 de decembro de 2018)

Segundo a Resolución do 20 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Universidades, Investigación, Desenvolvemento e Innovación, existe un elevado número de solicitudes para a avaliación de tramos de transferencia do coñecemento e innovación.

Ao ser necesario para a resolución da avaliación solicitar o informe ao comité asesor de sexenio de transferencia do coñecemento e innovación, esta reitoría ao amparo do disposto no artigo 22.1.d) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas,

RESOLVO

Suspender o prazo máximo legal para resolver o procedemento e notificar a avaliación dos tramos de transferencia do coñecemento e innovación correspondentes á Resolución do 3 de decembro de 2018 da Universidade da Coruña, pola que se fixa o procedemento e o prazo de presentación das solicitudes de avaliación da actividade investigadora para o profesorado da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física que conte co título de doutor/a, o profesorado contratado por tempo indefinido e o profesorado interino coa categoría de contratado doutor, correspondente ao ano 2018 (Sede Electrónica do 04/12/2018). Esta suspensión non poderá exceder en ningún caso os tres meses.

Así mesmo, de acordo co disposto no artigo 25 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na medida que a convocatoria de avaliación da transferencia do coñecemento e innovación é un procedemento que foi iniciado de oficio por esta universidade, infórmase que transcorrido o prazo máximo para resolver sen que se teña ditada e notificada resolución expresa, as solicitudes dos/as interesados/as poderán entenderse desestimadas por silencio administrativo para os efectos de interpoñer o recurso de alzada. O antedito sen a obrigação que ten a universidade de resolver.

A presente resolución publicarase na Sede Electrónica da Universidade da Coruña.

O reitor

PD O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente
(RR 12/01/2016, Sede Electrónica UDC del 13/01/2016)

Alberto Valderruten Vidal

Código Seguro De Verificación	650xg/9L3pbPqRCRjfnaNg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Alberto Valderruten Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente	Asinado	27/06/2019 10:42:10
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/650xg/9L3pbPqRCRjfnaNg==		

